

Estimadas Familias:

Comezamos novo trimestre dun xeito moi diferente, pero as ganas e a ilusión deben ser as mesmas. Desde o apoio a Educación Infantil déixovos unha serie de actividades que espero que vos resulten divertidas e que vos fagan pasar estes días da mellor maneira posible.

A primeira actividade que vos propoño é facer un **TEATRO DE SOMBRAS**.

Os **materiais** que precisamos son: Unha Caixa de cartón, papel de forno, tesoiras, cola ou cinta, papel, cores e unha regra.

O **procedemento** será o seguinte: Comezaremos realizando o teatro, debuxando no fondo da caixa de cartón un rectángulo, deixando un marxe de entre 1-2 centímetros, máis ou menos. (necesitamos ese espazo para pegar despois o papel de forno).



Unha vez teñamos o rectángulo debuxado, pasaremos a recortalo. Con ceras negras, pintura ou o que teñamos á man, pintaremos o interior da caixa có fin de darlle máis escuridade.

Chegou a parte imaxinativa. Imos decorar o noso teatro. Para iso aproveitade o que tedes pola casa, facede debuxos nun folio e pegádellos ao redor, empregade pegatinas, papel aluminio para ter un teatriño estelar... todo o que imaxinemos, quedará xenial!



Por último, colleremos o papel de forno e cortarémolo á medida da nosa caixa. En función dos materiais que vaiades empregar este paso pode ir antes do decorado. Podémolo pegar tanto con cola como con cinta, incluso esparadrapo ou cinta de embalaxe.



Agora que temos o teatro listo, tan só nos queda preparar un conto. Escollede o que máis vos guste e preparede as personaxes sobre un folio (se temos cartolina negra mellor, senón, é suficiente con pintar o folio de negro). Lembraide que coa silueta é suficiente, non se precisan detalles. Cando estean listos pegarémolos a un palillo, pau de pincho, pau de xeado... e xa temos todo listo.



Pechade as persianas, sentade nun sitio cómodos, prendede a lanterna (vale a do móbil) e que dea comezo o espectáculo!

Déixovos un enlace a youtube cunha explicación para que vos sexa mais doado: <https://youtu.be/BCJ4fOVgLQ> .

A segunda actividade que vos propoño é facer **PLASTILINA CASEIRA**:

Os **ingredientes** que precisamos son: Fariña, sal, aceite, auga e colorante alimentario.



A **preparación** é a seguinte: Nun bol botamos 2 tazas de fariña, despois engadimos unha taza de sal e remexemos. A continuación, agregamos catro culleradas de aceite e voltamos a remexer. Por último, botamos 1 taza de auga e mesturamos todo. Esparcimos un pouco de fariña na mesa e botamos a masa. Amasámola coas mans, facemos bolas coa masa e engadímolles un pouquiño de colorante alimentario da cor que queiramos. ¡¡¡LISTO!!! ¡¡¡A XOGAR!!!

Tamén vos deixo un enlace a youtube para que vos sexa mais doado: <https://youtu.be/YGBvwtDnrRg> .

Para a terceira actividade imos utilizar a plastilina e imos realizar un **EXPERIMENTO** sobre a teoría da flotabilidade e o principio de Arquímedes.

Os **materiais** que necesitamos son: un recipiente, preferentemente grande, auga, plastilina e un pano de mesa.

O **procedemento** é o seguinte: Enche o recipiente de auga, polo menos ata a metade. Amasa a plastilina ata darlle a forma dunha bola (do tamaño dunha de golf). Coloca a bola na auga e observa como vai ao fondo. Colle e seca a bola cun pano de mesa. Agora fai un barco coa plastilina, colócao na auga e observa o que ocorre.



Cando a plastilina é unha bola, todas as súas súas forzas físicas concéntranse nun só punto, o que aumenta a presión que exerce sobre a auga e, debido á forza da gravidade que tamén a atrae, fúndese. Non obstante, cando a plastilina ten forma de barco, as súas forzas distribúense, tendo un balance de forzas que a mantén a flote sobre a auga.

Na derradeira actividade que vos propoño imos aprender en valores a través dunha **CURTAMETRAXE** que se titula “**Historia dun ourizo**”. Esta curta ensínanos a ser mais tolerantes, a aceptar e integrar aos demais e a respectar as diferenzas. Todas as persoas temos rasgos que nos fan diferentes e iso ten que ser un motivo de riqueza e de aprendizaxe nunca de discriminación.

O enlace da curta é o seguinte: <https://youtu.be/OEbISInby9Y>

Unha vez vista a curtametraxe imos dialogar sobre o que vimos. Podemos facer as seguintes preguntas:

1. Coñeces algunha persoa que sexa diferente? Explica por qué.
2. Existen persoas que non aceptan a esa persoa? Por qué?
3. Como te sentirías si foses ti o que molestases dalgún xeito a algún compañeiro e te rexeitaran?
4. Que foi o que mais me emocionou desta historia? Podemos facer un debuxo.

Espero que pasedes momentos moi divertidos facendo estas actividades. Moito ánimo. Bótovos moito de menos. Unha aperta moi grande.

Natalia.